

CARTEL INFORMATIVO AXUDASLE 2026

Persoas destinatarias

Alumnado de centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, matriculado no curso 2025/2026 no réxime xeral de 1º e 2º Bacharelato.

Prazo de solicitude aberto do 4/02/2026 ata o 3/03/2026
(ambos incluídos)

	MODALIDADE	DURACIÓN	RÉXIME ALOXAMENTO	Nº PRAZAS	REPARTO DAS PRAZAS POR GRUPOS				CUSTO POR PRAZA (€)	ACHEGA DAS FAMILIAS POR GRUPO (€)			
					GRUPO A	GRUPO B	GRUPO C	GRUPO D		GRUPO A	GRUPO B	GRUPO C	GRUPO D
2º BACH	Inglés en Canadá	3 semanas	Familia ou residencia	88	30	27	16	15	4.600,00	400	700	1200	1.475,00
	Inglés no Reino Unido	3 semanas	Familia ou residencia	125	40	37	26	22	3.300,00	300	500	900	1.125,00
	Francés en Francia	3 semanas	Familia ou residencia	20	8	6	4	2	3.630,00	300	500	900	1.125,00
	Portugués en Portugal	3 semanas	Familia ou residencia	2	1	1	0	0	2.640,22	300	450	450	450,00
	Alemán en Alemaña	3 semanas	Familia ou residencia	5	2	1	1	1	3.630,00	300	500	900	1.125,00
1º BACH	Inglés en Canadá	3 semanas	Familia ou residencia	140	50	40	30	20	4.600,00	400	700	1200	1.475,00
	Inglés no Reino Unido	3 semanas	Familia ou residencia	220	69	59	50	42	3.300,00	300	500	900	1.125,00
	Francés en Francia	3 semanas	Familia ou residencia	40	12	10	10	8	3.630,00	300	500	900	1.125,00
	Portugués en Portugal	3 semanas	Familia ou residencia	2	1	1	0	0	2.640,22	300	450	450	450
	Alemán en Alemaña	3 semanas	Familia ou residencia	5	2	1	1	1	3.630,00	300	500	900	1.125,00
Total prazas:				647	215	183	138	111					

Requisitos de participación:

- Estar cursando, no réxime xeral, 1º ou 2º de bacharelato, en centros sostidos con fondos públicos durante o curso 2025/2026, na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Non ter concedida outra axuda para o mesmo fin neste curso nin estar incurso/o nalgunha prohibición para a subvención.
- Ter superadas todas as áreas ou materias no curso 2024/2025.
- Nota mínima na materia de lingua estranxeira que se vai perfeccionar na estadia de *Ben* ou 6 no curso 2024/2025.
- Ter DNI ou NIE en vigor, segundo corresponda. Dispoñer de pasaporte e documentación que permita viaxar ao estranxeiro.

1º DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE:

a) Solicitud - Anexo I

- A solicitude (**Anexo I**) presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, código de procedemento **ED504B**.
- Pode realizar a presentación da solicitude (**Anexo I**) calquera das persoas proxenitoras ou titoras legais, ou o/a alumno/a, no caso de ter a maioría de idade.
- Cada participante poderá presentar unha única solicitude; de existir varias, só se considerará válida a última rexistrada.

b) Copia do libro ou libros de familia no/s que figuren todos os membros unidade familiar. No caso de non ter libro de familia terá que presentarse documento ou documentos que acrediten o número de membros da unidade familiar. No suposto de non convivencia das persoas proxenitoras, deberase acreditar que o/a solicitante convive cos fillos e/ou fillas.

c) O alumnado que cursou o ano académico 2024/2025 nunha comunidade autónoma diferente a Galicia, deberá achegar a **certificación académica das cualificacións numéricas** de todas as áreas ou materias cursadas nese ano.

O alumnado que cursou o ano académico 2024/2025 no **estranxeiro**, deberá achegar a **homologación da certificación orixinal** onde conste a nota media do expediente do curso 2024/2025 e as **cualificacións numéricas de todas as materias cursadas**.

d) Anexo II (Só no caso de que a administración o requira).

- O anexo II deberá estar asinado por todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos.


No caso de alegarse:

- Copia da xustificación de separación ou divorcio.
- Copia da xustificación de viuvez.
- Copia da xustificación de tutoría legal.
- Copia da documentación xustificativa das alegacións que se fagan constar como outras circunstancias familiares.
- Certificado de discapacidade da persoa solicitante ou de calquera outro membro da unidade familiar, no caso de que non fose expedido pola Xunta de Galicia.

2º COMUNICACIÓNS

No artigo 12 da orde de convocatoria, establécese que toda a **información relacionada co estado das solicitudes ou coa adjudicación de prazas farase a través da páxina principal da web <https://www.edu.xunta.es/axudasle>.**

Comprobe periodicamente, na páxina web do programa <https://www.edu.xunta.es/axudasle>, o estado da súa solicitude no menú "2. Estado solicitude".



3º PUBLICACIÓN DE SOLICITUDES ADMITIDAS, REQUIRIMENTOS DE EMENDA E EXCLUÍDAS

Unha vez finalizada a comprobación das solicitudes recibidas, publicaranse as primeiras listaxes. Haberá un **prazo de 10 días hábiles** despois desta publicación, **para emendar erros e presentar a documentación** requirida, que poderá consultarse, mediante identificación do DNI/NIE no menú “2. Estado solicitude” da web do programa <https://www.edu.xunta.es/axudasle>. De non presentar dita documentación no prazo establecido, considerárase como desistimento da solicitude e/ou non se terán en conta as condicións alegadas e non xustificadas.

A documentación que se requira presentárase electronicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

Pode consultar a [Guía presentación en Sede Electrónica e corrección/emendas](#) publicada na web <https://www.edu.xunta.es/axudasle>

4º PUBLICACIÓN DAS LISTAXES PROVISIONAIS

Comprobe na web do programa <https://www.edu.xunta.es/axudasle> se a súa solicitude figura nas listaxes provisionais publicadas, que estarán ordenadas por puntuación para cada un dos cursos.

Así mesmo, publicarase a listaxe de solicitudes con requirimentos relacionados coas comprobacións de datos referidas no artigo 8.1 -apartados c), d), e), f). Abrirase un prazo de 10 días hábiles para formular reclamacións e para a presentación da documentación sinalada nos requirimentos relacionados coa comprobación de datos. A documentación complementaria presentárase electronicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

Pode consultar a [Guía presentación en Sede Electrónica e corrección/emendas](#) publicada na web <https://www.edu.xunta.es/axudasle>

5º PUBLICACIÓN DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA

No caso de figurar na listaxe de alumnado seleccionado na proposta de resolución, terá que enviar nun prazo de **5 días naturais**, a seguinte documentación:

- Aceptación ou renuncia á axuda, segundo o **Anexo III**.
- **Xustificante bancario** do pago da achega familiar á empresa adxudicataria.
- Copia do pasaporte ou visado en vigor, no caso do alumnado que requira da citada documentación para a súa participación nas actividades no estranxeiro.

Esta documentación remitirase a través da Sede Electrónica e tamén por correo electrónico á empresa responsable das actividades.

Para anexar documentación na Sede pode consultar a [Guía presentación en Sede Electrónica e corrección/emendas](#) publicada na web <https://www.edu.xunta.es/axudasle>

NOTA ACLARATORIA SOBRE A ACEPTACIÓN DA AXUDA

- Unha vez aceptada a axuda (pago da achega familiar), o pagamento non terá devolución no caso de renuncia ou abandono posterior.
- A non xustificación do ingreso da cantidade indicada, dentro do prazo, implica a renuncia á praza adxudicada.
- A renuncia posterior sen xustificación, implicará o reintegro do importe total do custo da actividade, como se establece no artigo 19 de Orde de convocatoria.
- No caso de abandono do programa sen rematalo, deberá facerse cargo do pagamento dos gastos correspondentes ao regreso.
- No caso de abandono inxustificado, así mesmo, deberá facerse cargo do custo total da praza.
- No caso de expulsión do programa, deberá facerse cargo do pagamento do importe de regreso e do custo total da praza de ser o caso, dos gastos ocasionados pola expulsión.

6º ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

A xestión e organización das actividades levarana a cabo empresas coa debida cualificación, contratadas pola Consellería. Estas empresas ocuparanse de ofrecer os recursos materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento, así como da contratación dunha póliza de seguros para a cobertura das persoas asistentes.

Datas:

A duración de cada actividade é de 3 semanas.

O período de realización destas actividades comprenderá desde a segunda semana do mes de xullo ata finais do mes de agosto de 2026, coa excepción das actividades para o 2º curso de bacharelato, que se desenvolverán no mes de agosto.

As datas concretas de realización das actividades daranse a coñecer coa publicación das listaxes definitivas do alumnado seleccionado.

O custo total de cada actividade inclúe:

- Os gastos da viaxe desde o punto de saída dos distintos grupos.
- As persoas monitoras que acompañarán o alumnado en cada un dos grupos durante a actividade.
- Os gastos de docencia e o material escolar.
- As actividades culturais, deportivas e complementarias dos cursos.
- Os gastos de manutención e aloxamento.
- O certificado de realización da actividade.
- O seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Réxime de aloxamento:

O réxime de aloxamento (residencia ou familia) en cada destino será o que oferten as empresas contratadas pola Consellería. O réxime de aloxamento non é unha opción de elección por parte do alumnado beneficiario.